

Concello de Outes

CERTIFICADO DE ACORDO PLENARIO

D^a Míriam Naveira Dono, Secretaria do Concello de Outes (A Coruña):

CERTIFICO:

Que en sesión ordinaria celebrada con data do 27 de febreiro de 2020, o Pleno da Corporación adoptou o seguinte acordo:

“Finalizado o debate, prodúcese a votación, que amosa o seguinte resultado:

- CO: 5 votos a favor
- PP: 5 votos a favor
- BNG: 2 abstencións
- Grupo Mixto-PSOE: 1 ausencia (abstención)

En consecuencia, vista a proposta de Alcaldía que figura no expediente, realizada a tramitación legalmente establecida, visto o Informe de Secretaría de data 19/02/2020, e de conformidade co previsto no artigo 22.2 d) e q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Servizos, procede á adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o Plan Anual Normativo deste Concello, que ten o seguinte tenor literal:

“PLAN NORMATIVO PARA O 2020

ANTECEDENTES

A actual estrutura normativa do concello de Outes precisa de ser actualizada e revisada, tanto para adaptala á normativa supramunicipal como para acompañar os prezos e taxas públicas aos cambios no custe da vida;

En consecuencia, sen menoscabo de condicionar os cambios a análises máis polo miúdo, apróbase o seguinte:

PLAN NORMATIVO

- *Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de recollida e tratamento do lixo.*

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

- *Modificación da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades culturais e deportivas.*
- *Modificación do regulamento de funcionamento da piscina municipal de Outes.*
- *Modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos na piscina municipal climatizada de Outes.*
- *Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización do campo de fútbol municipal do Conchido.*
- *Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.*
- *Modificación do prezo público pola prestación de servizos na escola de vela do Freixo.*
- *Creación dunha taxa por ocupación de terreos de dominio público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.*
- *Modificación da ordenanza xeral de limpeza.*

SEGUNDO. Publicar o presente acordo no Portal da Transparencia deste Concello [<https://outes.sedelectronica.gal/transparency>] co fin de que este ao dispor dos interesados.”

E para que así conste ós efectos oportunos expido a presente, por orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde,

Outes, na data que figura á marxe;

Vº e pr.,

O Alcalde,

D. Manuel González López.

A Secretaria da Corporación,

Dª Míriam Naveira Dono.

